

Comentarios no [blog do Ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. Este libro pareceume realmente entretido. Enganchoume dende a primeira frase ata a última. Chamoume a atención a maneira en que o escritor mantén a intriga durante toda a historia, facendo que te sintas dentro dela. Por unha banda, o que máis me chamou a atención foi a mestura que fai o autor entre a ciencia e as crenzas populares, que en moitas ocasións xulgamos como posturas ignorantes e retrógradas. Porén, o que menos me gustou foi o final, que é un pouco desesperanzador, xa que o doutor Moldes fica totalmente traumatizado tras a morte de Laura (incluso pensa en suicidarse) e a súa vida nunca volve a ser como antes. Finalmente, a conclusión que saquei desta lectura é que hai cousas que nin a ciencia é capaz de explicar. Ás veces pasámonos toda a vida estudando acerca de algo que nos apaixona, e cando cremos que xa temos un certo control sobre o tema, aparece un caso inexplicable, como o de Laura Novo, e todo o que investigáramos ata aquel momento derrúbase nun intre, xa que non hai ningunha explicación racional. **(Carmen)**

2. *Aire negro* é un libro que me encantou. Pareceume moi entretido e unha das cousas que máis me gustou foi a forma que ten o autor para conseguir manter a intriga ata o final, e para lograr que xusto cando pensas que non vai pasar nada máis, a trama líase e Laura, que é algo que non te esperas ata o final. O que menos me gustou, quizás, foi o final, xa que, como acabo de dicir, non me parece ben que, despois de estar pendente todo o libro do que vai descubrindo o doutor, e do que lle custa descubrir a existencia da Besta, todo remate ... Sen embargo, gustoume moito a forma de contar a historia do autor, baseándose nas lendas populares, e nas historias que se van contando de pais a fillos, e que, no fondo ninguén cre, e a forma de facer que o doutor Moldes consiga entender que poden chegar a ser reais. En definitiva, gustoume moito, e fíxome reflexionar sobre como algo, aparentemente insignificante, ou que non ten nada que ver contigo pode chegar a implicarte tanto, que che cambia a vida. **(Clara)**

3. O libro encantoume e volveríao ler sen pensalo dúas veces. É impresionante ver como o autor foi capaz de mesturar unha obra de terror, de amor e á súa vez psicolóxica, con crenzas populares, supersticións, etc. Como mantén esa intriga, dende o principio ata o final; que fai que non poidas parar de ler e que queiras rematalo para saber que pasa o final. Tamén é interesante ver como crea Flash Blaks, para que un dos personaxes principais (o doutor Moldes) conte a historia que pasou hai tres anos. O único que me dá mágoa é como remata a historia; coa morte de ... e a desesperación do ... que ten que deixar de exercer o seu traballo. A miña conclusión é que temos que decatarnos de que moitas cousas ás que non lles damos importancia, en realidade, poden ser transcendentais e moi importantes para feitos futuros. En resumo, que o libro gustoume moitísimo e paréceme fermoso ver como un libro pode facernos vivir vidas e historias sobre outras persoas. **(Elena)**

4. O libro "Aire Negro" gustoume bastante aínda que hai aspectos del que me gustaría comentar. Do autor Agustín Fernández Paz xa lín máis libros, e paréceme que este tan só é un máis; é dicir, a temática que emprega para as súas historias é sempre a mesma: mitos, monstros, casas velhas en Galiza e a desaparición dalgún personaxe ao final da historia. A temática está ben, pero penso que podería variar un pouco máis xa que esta historia é moi semellante á de "Cartas de Inverno" (que persoalmente me gustou moito máis), o que pode facer que xa sexa previsible e que ao lector non lle guste ou que lle canse. Polo demais gustoume bastante: como sempre coa axuda das descrições consegue que recreemos na nosa mente o escenario da acción, os personaxes etc...; tamén consegue manter a intriga ao longo dos capítulos, o que fai que teñas que facer a lectura do libro moi rapidamente para non perder o fio da historia, etc... En resumo, gustoume bastante. O único malo que lle atopei é iso, que é moi semellante a "Cartas de Inverno" por exemplo, e que penso que debería empregar uns temas máis variados, máis que nada por non aburrir ao lector. **(Corra)**

5. O libro en pareceume moi ameno, sobre todo pola gran carga de intriga coa que nos mantén o autor ao longo de toda a historia. A dicir verdade, teño que confesar que comecei a ler o libro pensando que a historia ía ser dunha determinada maneira e leveime unha decepcionante sorpresa ao descubrir a historia real que nos conta o autor, moi fantasiosa dende o meu punto de vista. Pero a intriga fíxome dubidar ante esta cuestión, xa que había veces nas que lía con gran énfase para chegar ao final canto antes para comprobar se as miñas hipóteses dun final sen fantasía son certas...pero decepcionoume. Sen embargo, malia as miñas decepcións, a forma na que o autor pon fin á súa narración na que todo parece cadrar á perfección, satisfíxome, aínda este desenlace acabase por ser ... Outros trazos polos que me gustou a historia (sen contar a gran influencia que exerce este autor sobre min) foi a súa similitude con algunha película que teño visto ("O PACTO DOS LOBOS") e incluso con outros libros ("El sabueso de los Baskerville") **(Enma)**

6. Este libro pareceume moi interesante e sobre todo moi entretido. Gustoume a primeira vez que o lín o a segunda gustoume aínda máis. Ás veces matente en tensión e iso incita a seguir lendo. É un libro que recomendaría xa que Agustín Fernández Paz ó meu parecer é un bo escritor. **(Sofía)**

7. Trátase dun libro cando menos curioso non só pola temática senón tamén pola forma na que o autor aborda a historia e a relata. É un libro orixinal moi do estilo deste autor, Agustín Fernández Paz, que ten moitas similitudes tanto na maneira de narrar a historia como a temática: as historias ocorren en Galicia e os personaxes teñen que afrontar situacións relacionadas con lendas galegas, etc...; como ocorre con outro libro deste autor "Cartas de inverno". En canto ao libro cabe destacar a intriga e intensidade que lle dá o autor á narración, o cal fai que o lector quede coa intriga e teña a necesidade de seguir lendo. Isto provoca que se enganche ao libro e á vez crea o ambiente necesario para facer que unha trama tan fantástica semelle bastante real e crible para o lector, o cal lógrao introducindo unha narración dentro de outra: a da rapaza que lle conta o sucedido ao doutor e o relato do propio doutor. Na miña opinión persoal é un libro moi entretido que trata un tema que sempre resulta interesante e un final sorprendente no que o autor o deixa como caer para que sexa logo o lector o que reflexione a cerca de todo isto e faga voar a nosa imaxinación. **(Jorge)**

8. O libro encantoume. Dende o comezo enganchoume e pareceume fácil de ler e moi entretido. Gustoume moito tamén porque cando empezas non podes parar, xa que o autor consegue que esteas entretida ata o final, sen abandonar a intriga. O final foi o que menos me gustou, chamoume moito a atención o desenlace. Como Víctor non consegue ... Gustoume moito ademais da intriga a forma que ten o autor de ver Galiza, como un lugar maravilloso e precioso, e ás veces a ignorancia dalgunha entes de crer nas lendas.

Para rematar,o libro demoéstranos que hai moitas cousas inexplicables e que non podemos saber arranxar sempre todo.O autor axudoume a ver a psiquiatría dende outro punto de vista moi diferente. (**Tamara**)